

**27/58 CORRECCIÓN DE ERRO DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DOCE PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (3 INCLUÍDAS NA OEP 2017, 3 INCLUÍDAS NA OEP 2018 E 6 INCLUÍDAS NA OEP 2020).**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Persoal, do 1 de febreiro de 2022, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Vistas as BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DOCE PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (3 INCLUÍDAS NA OEP 2017, 3 INCLUÍDAS NA OEP 2018 E 6 INCLUÍDAS NA OEP 2020) aprobadas na XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-1-2022

Visto o Decreto nº 1540/2021, do 02/03/2021, polo que se convoca o proceso selectivo para o acceso en propiedade a doce prazas de Bombeiro/a Condutor/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (3 incluídas na OEP 2017, 3 incluídas na OEP 2018 e 6 incluídas na OEP 2020).

Detéctase erro de feito nas bases mencionadas na proba 6. Carreira vertical pola torre de manobras no cadro de tempos e puntuación.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.ª MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Rectificar o erro detectado no cadro de tempos e puntuación da proba 6. Carreira vertical pola torre de manobras do seguinte xeito:

**ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refª: ispac5252455842871030550.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-2-2022

<b>TEMPO MULLERES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
Entre 6´10" e 5´49"	<b>5 PUNTOS</b>
Menos de 5´49" e 5´28"	<b>6 PUNTOS</b>

SEGUNDO.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa e que contra el pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da notificación deste acto, ante o xulgado da dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.
- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.